

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

**3. Administración do Parlamento de Galicia**

**3.2. Axudas de comedor para institucións de carácter social e humanitario**

Examínase a proposta da Presidencia de conceder axudas de comedor para institucións de carácter social e humanitario conforme aos precedentes doutros anos por un importe máximo de 140.000€.

Visto o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Visto o informe da Intervención xeral da Cámara segundo o cal precísase complementar o crédito da aplicación 01.01.111B.481.02 do orzamento do Parlamento para 2015.


Tendo en conta que por acordo da Mesa da Cámara do 9 de novembro de 2015 aprobouse un suplemento de crédito na aplicación 01.01.111B.481.02 do orzamento do Parlamento para 2015.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Aprobar as seguintes bases de concesión de axudas de comedor de carácter social:

- a) As axudas cualifícanse como subvencións de concesión directa, previstas no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xa que, ao ter por finalidade contribuír a que as institucións podan atender a demanda de axudas de comedor ou alimenticias, o seu obxecto obedece exclusivamente a razóns sociais e humanitarias.
- b) As beneficiarias serán todas as institucións que cumpran con dito fin en Galicia, calquera que sexa a súa forma xurídica, ao abeiro do artigo 11 da Lei 38/2003.
- c) As axudas consistirán no pagamento dunha cantidade fixa para cada institución e, no caso dos comedores sociais, outra variable en función das persoas usuarias do servizo. O gasto máximo para esta actividade estimase en 145.000 euros.
- d) As bases destas subvencións serán comunicadas ás institucións que se dedican a estes fins, cara a que as soliciten no formulario que se lles facilitará.

Gabinete da Presidencia  
Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos  
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior



c) As axudas, despois de verificar que as peticións ~~cumpren os requisitos,~~ serán outorgadas pola Presidencia da Cámara.

d) As institucións beneficiarias, no prazo máximo dos tres meses seguintes ao pagamento das axudas, xustificarán o emprego da subvención na finalidade para a que foi concedida, mediante unha certificación ou declaración do responsable da institución perceptora dela.

2.º) Autorizar un gasto para este fin por importe de 145.000€, con cargo á aplicación 01.01.111B.481.02 do orzamento do Parlamento para 2015.

3.º) Comunicarlles esta acordo ao Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia á Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos e á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 10/11/2015  
13:49:20**

Gabinete da Presidencia  
Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos  
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA


A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 09 de novembro de 2015, aprobou unha proposta desta Presidencia relativa as bases de concesión de axudas a institucións que no ámbito territorial galego presten o servizo de comedor social ou alimentarias no ano 2015, dispoñendo que tales axudas consistirán no pagamento dunha cantidade fixa a cada institución e ademais, no caso de comedores sociais, outra variable en función das persoas usuarias do servizo.

No desenvolvemento de dito acordo, á vista das institucións sen animo de lucro inscritas nos diferentes rexistros públicos que se dedican a ditos cometidos e a posibilidade de distribución destas axudas, R E S O L V O:

- I) Invitar ás diferentes institucións sen animo de lucro que se dedican a tales cometidos no territorio galego, indicándolles que presenten a súa solicitude de obtención das axudas no formulario elaborado para o efecto.
- II) Determinar os importes das axudas a distribuír, de xeito que:
  - a axuda fixa a cada institución que preste o servizo de comedor social ou alimentaria sexa de 1.500 euros.
  - E ademais, no caso dos comedores sociais, a axuda variable sexa de 15 euros por cada usuario ao que se lle preste o servizo.

Santiago de Compostela, 09 de novembro de 2015

A presidenta

  
Pilar Rojo Noguera



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vistas as peticións formuladas por distintas entidades de Galicia, solicitando axudas para comedor social e alimentarias nas condicións establecidas pola Mesa na súa reunión do **09/11/2015**, e na contía fixada por Resolución da Presidencia de **09/11/2015**,

### RESOLVO:

Conceder ás entidades que se relacionan a continuación as axudas para comedor social e alimentarias na contía que tamén se detallan:


| Nº | ENTIDADE                                                                        | nº.<br>Comensales | SUBVENCIÓN |                             |          |
|----|---------------------------------------------------------------------------------|-------------------|------------|-----------------------------|----------|
|    |                                                                                 |                   | FIXA       | VARIABLE<br>(15 €/comensal) | TOTAL    |
| 1  | ALBERGUE S.VICENTE PAUL CALOR Y CAFE                                            | 20                | 1.500,00   | 300,00                      | 1.800,00 |
| 2  | ALBERGUE DE SOR EUSEBIA                                                         | 60                | 1.500,00   | 900,00                      | 2.400,00 |
| 3  | ASILO DE CALDAS DE REIS                                                         | 77                | 1.500,00   | 1.155,00                    | 2.655,00 |
| 4  | ASILO DE CAMBADOS                                                               | 65                | 1.500,00   | 975,00                      | 2.475,00 |
| 5  | ASILO DE LALÍN (Res.NºS.Dolores)                                                | 76                | 1.500,00   | 1.140,00                    | 2.640,00 |
| 6  | ASILO DE TUI (RESIDENCIA SAN TELMO)                                             | 119               | 1.500,00   | 1.785,00                    | 3.285,00 |
| 7  | ASOCIACIÓN CARIDAD SANTIAGO APOSTOL                                             | 100               | 1.500,00   | 1.500,00                    | 3.000,00 |
| 8  | AVIVA (ANTES ASOCIACIÓN DIGNIDAD)                                               | 200               | 1.500,00   | 3.000,00                    | 4.500,00 |
| 9  | FUNDACIÓN COMEDOR SAN FROILÁN<br>(ata setembro 2012 foi CARITAS DIOCESANA LUGO) | 140               | 1.500,00   | 2.100,00                    | 3.600,00 |
| 10 | CARITAS DIOCESANA MONDOÑEDO-FERROL                                              | 90                | 1.500,00   | 1.350,00                    | 2.850,00 |
| 11 | CARITAS INTERPARROQUIAL DE AROUSA                                               | 75                | 1.500,00   | 1.125,00                    | 2.625,00 |
| 12 | CENTRO CULTURAL XOAN XXIII                                                      | 80                | 1.500,00   | 1.200,00                    | 2.700,00 |
| 13 | CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO                                          | 90                | 1.500,00   | 1.350,00                    | 2.850,00 |
| 14 | COCIÑA ECONÓMICA DA CORUÑA                                                      | 360               | 1.500,00   | 5.400,00                    | 6.900,00 |
| 15 | COCIÑA ECONÓMICA DE FERROL                                                      | 297               | 1.500,00   | 4.455,00                    | 5.955,00 |
| 16 | COCIÑA ECONÓMICA DE SANTIAGO                                                    | 291               | 1.500,00   | 4.365,00                    | 5.865,00 |
| 17 | COMEDOR DE LA ESPERANZA DE VIGO                                                 | 150               | 1.500,00   | 2.250,00                    | 3.750,00 |
| 18 | COMEDOR DE SAN FRANCISCO DE PONTEVEDRA                                          | 110               | 1.500,00   | 1.650,00                    | 3.150,00 |
| 19 | COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DA CORUÑA                                             | 80                | 1.500,00   | 1.200,00                    | 2.700,00 |
| 20 | COMITÉ CIUDADÁN ANTI-SIDA DE OURENSE                                            | 8                 | 1.500,00   | 120,00                      | 1.620,00 |
| 21 | COTTOLENGO SANTIAGO DE COMPOSTELA                                               | 50                | 1.500,00   | 750,00                      | 2.250,00 |

|    |                                                 |     |                  |                  |                   |
|----|-------------------------------------------------|-----|------------------|------------------|-------------------|
| 22 | DAR MAS - ADMINISTRACIÓN                        | 20  | 1.500,00         | 300,00           | 1.800,00          |
| 23 | FUNDACIÓN HOGAR STA.LUCÍA PARA MUJERES S/TECHO  | 18  | 1.500,00         | 270,00           | 1.770,00          |
| 24 | FUNDACIÓN LAS SAMARITANAS                       | 9   | 1.500,00         | 135,00           | 1.635,00          |
| 25 | FUNDACIÓN MONTE DO GOZO. PROXECTO HOME          | 240 | 1.500,00         | 3.600,00         | 5.100,00          |
| 26 | FUNDACIÓN SANTO HOSPITAL CARIDAD-JUAN CARDONA   | 42  | 1.500,00         | 630,00           | 2.130,00          |
| 27 | HNO.MISIONEROS ENFERMOS POBRES-ALBERG.Nº SRA.   | 170 | 1.500,00         | 2.550,00         | 4.050,00          |
| 28 | INSTITUCIÓN BENEFICO SOCIAL PADRE RUBINOS       | 130 | 1.500,00         | 1.950,00         | 3.450,00          |
| 29 | MISIÓN DEL SILENCIO (COMEDOR VIRGEN DE LOURDES) | 120 | 1.500,00         | 1.800,00         | 3.300,00          |
| 30 | PATRONATO CONCEPCIÓN ARENAL                     | 17  | 1.500,00         | 255,00           | 1.755,00          |
| 31 | PÍA UNIÓN LA OBRA DE LA SEÑORA                  | 90  | 1.500,00         | 1.350,00         | 2.850,00          |
| 32 | RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA         | 102 | 1.500,00         | 1.530,00         | 3.030,00          |
| 33 | RESIDENCIA SANTA MARTA DE VIGO                  | 141 | 1.500,00         | 2.115,00         | 3.615,00          |
| 34 | VOLUNTARIAS CARIDAD S.VICENTE PAÚL . TUI        | 7   | 1.500,00         | 105,00           | 1.605,00          |
| 35 | VOLUNTARIAS CARIDAD S. VICENTE PAÚL. MARÍN      | 80  | 1.500,00         | 1.200,00         | 2.700,00          |
| 36 | RESIDENCIA SAN ROQUE                            | 138 | 1.500,00         | 2.070,00         | 3.570,00          |
| 37 | COMEDOR SOCIAL HRMO. DONAIRE                    | 70  | 1.500,00         | 1.050,00         | 2.550,00          |
| 38 | ASOC. P. DEL BANCO DE ALIMENTOS DE OURENSE      |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 39 | BANCO ALIMENTOS DE LUGO                         |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 40 | BANCO DE ALIMENTOS RIAS ALTAS                   |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 41 | FUNDACIÓN PROV. BANCO DE ALIMENTOS (VIGO)       |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 42 | FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA                     |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 43 | FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS       |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 44 | ASOCIACIÓN FREIXEIRO AXUDA AO NECESITADO        |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 45 | CASA DE ACOLLIDA BETANIA DEJESUS NAZARENO       |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 46 | ADORATRICES OURENSE                             |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 47 | CONVENTO TRINITARIAS DE NOIA                    |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 48 | FUNDACIÓN ADRA                                  |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
| 49 | CARITAS DIOCESANA TUI-VIGO                      |     | 1.500,00         |                  | 1.500,00          |
|    |                                                 |     | <b>73.500,00</b> | <b>58.980,00</b> | <b>132.480,00</b> |

2/2

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2015

A presidenta

  
Pilar Rojo Noguera